



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n.- Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 10 DE MARZO DE 2016.

ASISTENTES:

Sr. Alcalde

Don José Muiño Domínguez (PP)

Don Sres. Concelleiros

Dona Sandra Mendez Blanco (PP)

Dona Begoña Torrado Lema (PP)

Dona Sheila Recarey Varela(PP)

Don Carlos Manuel Sande Martinez (PP)

Don Carlos Allo Cundins (PP).

Don Enrique Díaz Varela (PSdeG-PSOE)

Don Adrián Paredes Ramos (PSdeG-PSOE)

Don Fernando M. Souto Verdes (BNG)

Secretaria

Dona Paula M^a Suárez Cotelo.

Interventora

Dona Gema Leal Insua

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Cabana de Bergantiños, sendo as 19.35 horas do día 28 de xaneiro de dous mil dezaseis, reúnese en sesión ordinaria o Pleno da Corporación, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don José Muiño Domínguez e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe, para tratar dos asuntos que configuran a Orde do Día da presente sesión.

Non asisten as concelleiras Dona Vanesa Barreira Rama(PSdeG-PSOE) e Dona Miriam Mato Gil (PP)

Da fe do acto a Secretaria desta Corporación, Dona Paula M^a Suárez Cotelo.

Aberta a sesión pola Presidencia, previa comprobación pola Secretaria do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese de seguido a coñecer dos seguintes asuntos incluídos na seguinte Orde do Día:

1.- APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, O ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA O ANO 2016.

O sr. Alcalde le a proposta que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de asuntos do pleno do día 07/03/2016.

O sr. Alcalde dalle a palabra ao concelleiro do BNG que rexeita facer uso dela, polo que o sr. Alcalde dalle a palabra ao voceiro do grupo do PSdeG-PSOE que comeza preguntando se non se pode votar de forma separada a desestimación ou estimación das alegacións e a aprobación do orzamento xa que eles van a ser consecuentes co sentido da súa votación na aprobación inicial dos orzamentos pero entenden que hai alegacións que deberían ser estimadas.



Por parte da Secretaria explícaselle que non se pode votar de forma separada xa que no caso de que se estimasen as alegacións habería que modificar o orzamento. O alcalde engade que se o desexa, pode facer constar o sentido do seu voto.

O voceiro do PSDG comenta entón que quere que conste que hai algunha alegación coma a da falta de algúns servizos ou a da sociedade Turismo de Cabana que xa se desestiman pola intervención pero que a alegación feita polo funcionario sí que ten algo de razón. Engade que é unha inxustiza tal como está o cadro de persoal.

Toma a palabra o sr. Alcalde que contesta que é algo que se vai tratar de solucionar coa RPT(relación de postos de traballo) para a cal xa se consigna crédito nestes orzamentos para a súa redacción. Engade ademáis que non é o único, que hai máis xente na mesma situación.

Non habendo máis intervencións, sométese a proposta de Alcaldía a votación, sendo aprobado por seis votos a favor(PP), dúas abstencións(PSD G- PSOE) e un voto en contra(BNG) o seguinte acordo:

“Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o 28 de xaneiro de 2016, o límite de gasto non financeiro computable, o orzamento xeral, as bases de execución, e o cadro de persoal para o exercicio 2016, en cumprimento co disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e disposicións concordantes, espúxose ao público nas dependencias deste Concello por un prazo de quince días hábiles que empezaron a contarse dende o seguinte ó da publicación do dito edicto no BOP (04.02.2016), a fin de que durante o mesmo poidesen formularse as reclamacións que se considerasen pertinentes.

Transcorrido o dito prazo de información pública verificase que tiveron entrada no prazo establecido ao efecto dous escritos de alegacións, e en consecuencia corresponde pronunciarse sobre as alegacións feitas nos mesmos.

Vistos ambos escritos, emitido informe a Interventora en data 29.02.2016, e verificado por este alcalde que non existen reclamacións presentadas ante este concello polos usuarios do servizo de abastecemento e saneamento, e dando conta ademais de que se está nestes intres a traballar na elaboración de proxectos de obra relacionados con inversións en infraestruturas destinadas ao funcionamento do servizo integral da auga, aos efectos de solicitar futuras axudas que se convocarán neste exercicio 2016 pola Deputación Provincial da Coruña



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n.- Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ACORDO:

PRIMEIRO: Que sexan desestimadas as alegacións presentadas contra o orzamento municipal correspondente ao exercicio 2016, aprobado inicialmente antes referido, e que en consecuencia se aprobe definitivamente o mesmo.

SEGUNDO: Que se publique no Boletín Oficial da Provincia o anuncio de aprobación definitiva, así como se de comunicación da aprobación definitiva do dito expediente a Administración Estatal e Autonómica.”

E non habendo mais asuntos de que tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión sendo as 19.50 horas, da que se estende a presente acta de tódolos asuntos debatidos e aprobados, do que eu, Secretaria, dou fe e certifico.

O ALCALDE

Asdo. José Muíno Domínguez



A SECRETARIA.

Asdo. Paula M^a Suárez Cotelo



